

IES CONCEPCIÓN ARENAL
DEPARTAMENTO DE LATÍN



LATÍN

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

2º DE BACHARELATO

CURSO 2022-2023

“A educación non é posible sen que se ofrezca ao espírito unha imaxe do home tal como debe ser. Nela a utilidade é indiferente ou, polo menos, non é esencial. O fundamental nela é καλόν, é dicir a beleza, no sentido normativo da imaxe, imaxe anhelada, do ideal”.

Werner Jaeger. *Paideia*.

ÍNDICE

1. RELACIÓN CON OTRAS ÁREAS E CONTIDOS TRANSVERSAIS	4
1.1. RELACIÓN CON OTRAS ÁREAS	4
1.2. CONTIDOS TRASVERSAIS	5
2. OBXECTIVOS	6
2.1.OBXECIVOS XERAIS DO BACHARELATO.....	6
2.2. OBXECTIVOS XERAIS DO LATÍN.....	7
3. CONTIDOS	7
3.1 OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	7
3.2.CONTIDOS XERAIS DO LATÍN	11
3.3.TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	12
3.4.CONTIDOS MÍNIMOS	16
4. METODOLOXÍA	18
4.1. CRITERIOS XERAIS	18
4.2. CRITERIOS ESPECÍFICOS, ENSEÑANZA-APRENDIZAXE DO LATÍN	18
5. AVALIACIÓN	20
5.1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN	20
5.2. INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO.....	20
5.3. AVALIACIÓN DO LATÍN	21
5.3.1. INTRODUCCIÓN	21
5.3.2. AVALIACIÓN DOS CONTIDOS .CRITERIOS ESPECÍFICOS.....	22
5.3.3 AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA XUÑO.....	24
5.3.4. ALUMNOS QUE DESEXEN CAMBIAR DE MODALIDADE.....	24
6. PLAN DE REFORZO	24
7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	24
8. ALUMNOS REPETIDORES	24
9. OUTRAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO	25
9.1 PLAN LECTOR.....	25
9.2. EXCURSIÓNS E OUTRAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	25

1. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS E CONTIDOS TRANSVERSAIS

1.1. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS.

Partindo da base de que en educación o que se trata de alcanzar é unha formación integral do individuo, non podemos illar as distintas áreas ou materias que determinan dita formación; non podemos, ademais, porque sería ir contra natura no avance do pensamento e a evolución da civilización.

Ningunha das distintas áreas do proxecto educativo ten sentido ningún illada das demais. O latín non ía ser menos. A súa relación coas distintas materias pódese facer desde moi diversos puntos de vista. Nós farémolo en base a tres criterios:

- ✓ o criterio da lingua: Sexa como lingua nai das linguas romances, sexa como lingua base das distintas metalinguaxes utilizadas nas diversas áreas.
- ✓ o criterio dos contidos: O legado de Roma como base da cultura occidental en case que todas as súas manifestacións.
- ✓ o criterio do traballo nos textos: O alumno aprende a relacionar, comparar, sintetizar e elixir. Xa que non se traballa só para saber senón tamén para aprender, a análise e tradución de textos é un procedemento moi valioso, ademais de poder proporcionar material de primeira man a outras disciplinas.

En base a estes criterios podemos relacionar o latín con:

- Lingua e literatura Galega e Castelá.- A relación coas dúas linguas é obvia polo feito sabido que o latín é a súa lingua nai; ademais no estudo das linguas manéxase procedementos e contidos semellantes e que se complementan moi ben.
Polo que respecta á literatura, cómpre indicar que hai certos elementos nos que é necesario o referente latino: os tópicos universais, a delimitación dos xéneros literarios, a importancia da mitoloxía, as traducións de autores clásicos por famosos escritores e, incluso, o propio concepto de crítica literaria e a súa terminoloxía.
Por último, ao traballar sempre con textos clásicos (polo xeral literarios) o alumno aprende a manexar certos elementos nunha lingua que non é a súa e a afondar no seu coñecemento por medio da tradución.
- Linguas estranxeiras: o propio mecanismo de análise e tradución de texto permite ao alumno un acceso aos conceptos lingüísticos fundamentais que se barallan en todas as linguas, sexan romances ou non, unha interiorización dos mecanismos que regulan a linguaxe, que é o fundamental no perfeccionamento dunha determinada lingua. Coas linguas romances, ademais, ten o engadido de ser a súa base léxica e gramatical.
- Xeografía, historia e arte: Se cremos que para coñecer ben o presente é necesario coñecer ben o pasado, o estudo dun pasado como o de Roma que deixou pegadas aínda hoxe evidentes (e non só arquitectónicas ou artísticas, senón tamén políticas e sociais) ten que ter relación con cada unha destas disciplinas. Non cabe dúbida de que se se traballa con textos históricos adecuados (algo ademais moi común no ensino da lingua latina) se está utilizando información de primeira man.
Iso canto aos contidos, canto á lingua pódese dicir que moi terminoloxía que se utiliza nestas áreas procede do latín e que o estudo da toponimia, por exemplo, é útil á xeografía. Por último, cremos que tamén é importante a relación que pode ter o concepto de historiografía antiga coa actual.
- Áreas de ciencia e tecnoloxía.- Con estas áreas a relación da lingua e cultura latina maniféstase en dúas direccións:

- Achega de raíces léxicas que son a base da linguaxe científico-tecnolóxica e que moitas veces se aprende sen entender completamente a súa semántica. O estudo desas raíces latinas facilita a súa comprensión e a súa aprendizaxe. O mesmo ocorre coa bioloxía.
 - Canto aos contidos mesmos, moitas das teorías científicas teñen a súa base en formulacións clásicas, e algunhas delas, aínda se estudan e teñen vixencia hoxe en día, de tal forma que ao estudalas, sería moi necesario ter en conta o contexto en que foron realizadas e que moitas veces lles dá un sentido máis amplo e verdadeiro.
- **Filosofía e ética.**- Como no caso anterior, boa parte da metalinguaxe filosófica e dos seus contidos e preguntas ten a súa orixe no mundo clásico (ben é certo que máis no grego que no latino), polo tanto a relación que manteñen é case intrínseca.
- Coa ética a relación pode ser tamén moi interesante non só tamén nos seus fundamentos senón tamén na comparación dos comportamentos éticos entre dúas culturas diferentes e moi distanciadas no tempo, pero que, á vez, unha delas (a latina) é orixe da outra (a cultura europea actual).

1.2. CONTIDOS TRASVERSAIS

Os contidos transversais aquí tratados non os consideramos menos importantes cos contidos específicos delimitados na programación. De feito algúns dos puntos agora indicados están tamén presentes e desenvolvidos nesoutra parte do currículo.

➤ Educación para a paz:

- Analizar e recoñecer nos textos clásicos as achegas de personaxes que, nun mundo que nos parece tan belicoso, fixeron ou dixeron algo en fomento da paz.
- Relacionar e valorar a inutilidade das reaccións violentas e as imposicións pola forza, analizando feitos relacionados coa expansión romana.

➤ Educación para a igualdade:

- Igualdade das clases. Reflexionar, opinar e comparar a relación entre as clases sociais na antiga Roma e hoxe en día.
- Igualdade das razas. Comparar e opinar sobre as relacións entre os distintos pobos e razas en Roma e hoxe en día.
- Igualdade dos pobos. Comparar e opinar sobre as relacións de dominio duns pobos sobre outros na antigüidade e no mundo actual.
- Igualdade dos sexos. Reflexionar e opinar sobre a situación da muller na antiga Roma.

Todos estes contidos pódense exercitar utilizando documentos ou opinións de distintos personaxes, tamén analizando feitos históricos, sempre tendo en conta as circunstancias cos rodean. Non obstante pensamos que o estudo da lingua latina pode exercer tamén un papel moi importante, xa que o coñecemento das distintas realidades lingüísticas, a valoración da súa individualidade e das súas relacións supón tamén a valoración, coñecemento e respecto polas sociedades ou pobos que a falan, se a lingua é, como a maioría pensamos, o medio de expresión fundamental dunha cultura.

➤ **Educación para o respecto do medio:** Recoñecer e identificar no contorno próximo restos arqueolóxicos relacionados coa cultura latina e manter un compromiso para acadar o mantemento e conservación de todas as pegadas do mundo clásico.

➤ **Educación para un compromiso cívico:** A lingua como instrumento de relación, de transmisión de ideas e opinións. Reflexionar, neste sentido, sobre a importancia do diálogo para chegar a acordos e sobre o respecto ás opinións e xuízos dos demais.

➤ Educación para o lecer:

- Identificar formas de diversión de hoxe coa súa orixe greco-latina.
- Comparar a evolución das distintas formas de ocio, e mesmo o seu propio concepto, no mundo clásico e hoxe en día.
- A lingua como xogo: distintas formas de acercamento á lingua latina a través de actividades lúdicas. O papel da linguaxe no lecer actual.

2. OBXECTIVOS

2.1 OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de *Hispania*, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua latina como elemento fundamental para o mantemento da identidade de *Hispania*, e máis en concreto, de *Gallaecia*, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas linguas romances.

2. 2.OBXECTIVOS XERAIS DO LATÍN

- Coñecer os mecanismos básicos da lingua e cultura latinas que permitan a interpretación e análise global de textos latinos sinxelos.
- Recoñecer a orixe latina das linguas romances, en especial das liguas galega e castelá, utilizando axeitadamente o manexo de fontes antigas diversas.
- Recoñecer en que medida o presente é resultado do pasado, identificando aqueles fenómenos que partindo do pasado seguen vivos na actualidade.
- Interpretar, por medio da lingua e cultura latina, os conceptos de diversidade e igualdade das culturas, estudando o legado de Roma no ámbito xeográfico e lingüístico local, galego, hispánico e europeo.
- Recoñecer a importancia da aprendizaxe das linguas (a nivel sincrónico e diacrónico) como medio de coñecemento e interpretación de todos os aspecto da realidade.
- Valorar os vínculos comúns que o legado de Roma proporcionou a Europa e apreciar e valorar as diferenzas intrínsecas de cada nación, aprendendo a respectalas.

3. CONTIDOS

3.1 OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CCEC

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>significado orixinal do étimo latino.</p> <ul style="list-style-type: none"> LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL CAA
Bloque 2. Morfoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Coñecer as categorías gramaticais. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL
<ul style="list-style-type: none"> d 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> d 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> l d 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCL CAA CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> l d 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CCL CCL CAA CD
Bloque 3. Sintaxe				
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Estudo pomenorizado da sintaxe nominal e pronominal. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
Bloque 4. Literatura latina				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ n ▪ h ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CCL

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.	
Bloque 5. Textos				
▪ e	▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	▪ B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.	▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	▪ CCL ▪ CAA
▪ d	▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	▪ B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.	▪ LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.	▪ CD ▪ CAA ▪ CCL
▪ b	▪ B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.	▪ B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.	▪ LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
▪ a	▪ B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	▪ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	▪ LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
▪ h	▪ B5.4. Identificación das características formais dos textos.	▪ B5.5. Identificar as características formais dos textos.	▪ LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	▪ CCL ▪ CCEC
Bloque 6. Léxico				
▪ e ▪ p	▪ B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.	▪ B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.	▪ LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD
▪ d ▪ g ▪ p	▪ B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	▪ B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	▪ LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza. ▪ LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CD ▪ CCL

Latín II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h	▪ B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	▪ B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	▪ LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.	▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CD ▪ CCEC ▪ CCL
▪ d ▪ p	▪ B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	▪ B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.	▪ LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	▪ CCL ▪ CCEC

3.2. CONTIDOS XERAIS DO LATÍN

A. Lingua latina

-CONTIDOS CONCEPTUAIS

A. – Morfoloxía

- Revisión da morfoloxía nominal e pronominal completa.
- Revisión da morfoloxía verbal completa, incluídas a das formas nominais, verbos depoñentes e semidepoñentes, defectivos e irregulares. Compostos do SUM.

B. – Sintaxe

- A Subordinación: tipos e procedementos.
- A Coordinación.

C. – Tradución

- As súas técnicas
- Uso do dicionario
- Sintaxe dun texto orixinario e da súa tradución
- O comentario de texto

- CONTIDOS PROCEDEMENTAIS

- ✓ Tradución ao galego e castelán de textos orixinais de certa complexidade pertencentes a diversos xéneros literarios, identificando neles elementos morfolóxicos e sintácticos.
- ✓ Retroversión.
- ✓ Cambios de voz.
- ✓ Exercicios de declinación e conxugación.
- ✓ Identificación e comentario dos elementos estilísticos, sociais e culturais que aparezan nos textos.

- CONTIDOS ACTITUDINAIS

- ✓ Interese e respecto por coñecer as gramáticas galega e castelá e doutras linguas romances a partir da comparación coa lingua latina.
- ✓ Valoración da análise e comentario dos textos como medio para coñecer a Antigüidade
- ✓ Interese por coñecer temas e feitos utilizando documentos orixinais de primeira man.

B. O léxico latino

- CONTIDOS CONCEPTUAIS

- ✓ Formación de palabras, composición e derivación
- ✓ Vocabulario específico de base latina usual nas disciplinas que conforman o currículo.
- ✓ Expresións latinas incorporadas á linguaxe habitual e á cultura.
- ✓ Toponimia galega e castelá de orixe latina.

- CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- ✓ Comparación do léxico latino co de outras linguas. Dedución das regras básicas de derivación e composición.
- ✓ Comprobación da existencia de vocabulario específico latino de uso habitual nas disciplinas do currículo.
- ✓ Dedución de significado e comprensión de sinonimia e polisemia en textos concretos.

- CONTIDOS ACTITUDINAIS

- ✓ Interese por explicar termos da lingua materna a través de termos latinos.
- ✓ Interese por coñecer a evolución fonética e semántica das palabras para coñecelas e utilizalas mellor.
- ✓ Interese por aumentar o léxico na lingua propia a través do coñecemento da súa orixe.

B. O legado cultural de Roma.

- CONTIDOS CONCEPTUAIS

- ✓ Introducción á literatura latina. Conceptos básicos para o seu estudo.
- ✓ Os distintos xéneros literarios latinos e os seus autores máis representativos.
- ✓ Influencia da literatura latina na literatura actual, especialmente na literatura galega e castelá.

- CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

- ✓ Relación e comparación cos datos que aparecen non textos con outros xa coñecidos.
- ✓ Identificación nos textos das características específicas dos distintos xéneros literarios e autores.
- ✓ Comparación de textos da literatura latina con textos da literatura galega e castelá buscando as similitudes e as diferenzas.

- CONTIDOS ACTITUDINAIS

- ✓ Valoración das achegas do espírito clásico (sobre todo do que atinxe á literatura) ao ámbito cultural europeo.
- ✓ Interese e respecto pola literatura e cultura de pobos xa desaparecidos a través do coñecemento das súas características.

3.3. TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Esta temporalización dos contidos e aproximada e flexible, porque se debe ter en conta a duración de cada avaliación (pode haber festivos, folgas, baixas,...) e as necesidades propias de cada grupo. O que importa é que ao rematar o curso se teñan tratados polo menos os contidos mínimos.

Por último, hai que dicir que en cada unha das unidades noméanse tanto os contidos procedementais como actitudinais, o que implica en bastantes ocasións a súa repetición, xa que a fin de contas estamos sempre a traballar sobre un mesmo tema con procedementos semellantes.

3.2.2.1. Unidade 1. Duración: tres meses.

1. Obxectivos específicos

- ✓ Coñecemento e utilización dos distintos aspectos da vida latina adquiridos no curso anterior para a súa aplicación na análise e tradución de textos.
- ✓ Identificar e comprender os elementos fundamentais da literatura latina, a súa vixencia e a relación coa literatura actual.
- ✓ Comprender os mecanismos fundamentais que utilizan as linguas na formación do léxico.

2. Contidos.

Contidos conceptuais

a. Lingua

- Morfoloxía. Revisión e ampliación.

- As cinco declinacións. Os adxectivos e os seus graos. Os pronomes. As cinco conxugacións. As formas nominais do verbo. O verbo SUM e os seus compostos. Verbos depoñentes e semidepoñentes. As preposicións.
- Substantivos irregulares. Verbos irregulares (VOLO, NOLO, MALO, FERRO, EO e FIO) e defectivos.

- Sintaxe. Revisión e ampliación

- Orde de palabras. Sintaxe dos casos. A concordancia. Concepto de coordinación e subordinación. Subordinadas de UT, CUM e de relativo. O ablativo absoluto.
- Casos especiais da oración de relativo.
- Participios absolutos e concertados.

b. Léxico

- Uso do dicionario. Regras elementais e a súa aplicación.

- Toponimia: primeiro terzo dos topónimos sinalados pola coordinación das ABAU

- Expresións latinas : primeiro terzo das sinalados pola coordinación das ABAU.

- Campos semánticos da natureza, do ceo e dos edificios.

c. O legado cultural de Roma: a Literatura Latina

- Introducción á literatura latina. Características fundamentais (a imitatio, os tópicos, a transmisión da literatura latina e o papel da mitoloxía na literatura).

- Sinopse cronolóxica da literatura latina coas súas principais épocas e autores.

- A épica: Virxilio

- A fábula (Fedro)

- O teatro: Plauto

Contidos procedementais

- ✓ Identificación nos textos latinos dos elementos de morfoloxía e sintaxe revisados ou de novo coñecemento.
- ✓ Tradución de ditos textos que serán de complexidade progresiva.
- ✓ Reflexión sobre a evolución fonética e a formación de palabras ao galego e castelán.
- ✓ Identificación dalgunhas manifestacións literarias actuais que teñan relación coas antigas.
- ✓ Tradución de textos adaptados segundo o método Orberg.
- ✓ Tradución de textos escollidos de Eutropio
- ✓ Identificación e comprensión das expresións latinas de uso actual tratadas na unidade e dos topónimos estudados

Contidos actitudinais

- ✓ Valoración das diferenzas lingüísticas e literarias como sinal de identidade dun pobo.
- ✓ Interese por coñecer como as linguas poden utilizar distintos mecanismos para lanzar unha mesma mensaxe.
- ✓ Valoración da dificultade que ten o feito das traducións e, á vez, a súa importancia, non só para mellorar o coñecemento da lingua latina senón tamén da nosa propia.

3.2.2.2. Unidade 2. Duración: tres meses.

1. Obxectivos específicos

- ✓ Mellorar o coñecemento da lingua latina, sobre todo no plano da sintaxe, e da propia por medio da tradución, da que se aprenderan as súas distintas técnicas.
- ✓ Reflexionar sobre a supermanencia e evolución dos distintos xéneros literarios que se estuden nesta unidade.

2. Contidos

Contidos conceptuais

a. Lingua

- Morfoloxía:

- O adverbio. Formación de adverbios de modo a partir de adxectivos.

- Sintaxe:

- A coordinación: oracións copulativas (diferenzas entre ET, ATQUE – QUE), disxuntivas (diferenzas entre AUT, VEL –VE) e xustapostas.
- Oracións subordinadas substantivas. Introducidas por conxuncións (UT, QUOD, QUIN, QUOMINUS). Oracións substantivas de infinitivo (o infinitivo concertado). Oración subordinada de infinitivo. As interrogativas indirectas (simples e dobres).

b. Léxico

- Toponimia: segundo terzo dos topónimos sinalados pola coordinación das antigas ABAU.
- Expresións latinas: segundo terzo das sinalados pola coordinación das antigas ABAU.
- Campos semánticos da sociedade, do exército, da vida privada e do corpo humano.

c. O legado de Roma: A literatura

- A lírica: Horacio, lectura dalgún poema de Catulo.
- A oratoria: Cicerón
- Lectura dalgunha poesía epigramática (Marcial)

Contidos procedementais

- ✓ Identificación e análise en textos latinos seleccionados dos elementos gramaticais explicados.
- ✓ Tradución á lingua materna deses textos fixándose nas similitudes e diferenzas lingüísticas que se poidan atopar.
- ✓ Tradución dunha escolma das fábulas de Fedro e de textos históricos de Eutropio.
- ✓ Identificación das identidades e diferenzas atopadas na evolución dos campos semánticos estudados.
- ✓ Identificación, a ser posíbel, nos textos elixidos para a tradución das características dos xéneros literarios estudados.

Contidos actitudinais

- ✓ Valoración do coñecemento da lingua latina como medio para valorar a propia.
- ✓ Interese polo estudo filolóxico dos textos como medio para acceder á antigüidade clásica.
- ✓ Valoración da importancia da lectura de textos dos xéneros estudados, non só como base para coñecemento do mundo antigo, senón tamén da súa importancia na literatura posterior en galego ou castelán.
- ✓ Valoración e interese do traballo sobre textos en verso, non só como medio de aprendizaxe da lingua latina, senón tamén sobre a utilización de todas as súas posibilidades semánticas ou sintácticas.

3.2.2.3. Unidade 3. Duración: tres meses.

2. Obxectivos específicos

- ✓ Utilizar os aspectos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos do latín que permitan a interpretación e tradución de textos orixinais medianamente complexos.
- ✓ Perfeccionar o coñecemento e uso da lingua propia por medio do traballo neses textos, comparando as estruturas dos orixinais e das traducións.
- ✓ Analizar e valorar diversos textos, non só orixinais senón tamén traducidos como pauta de estudo e coñecemento do mundo antigo en xeral.
- ✓ Afondar no coñecemento da literatura latina e valorar a súa vixencia e achega na literatura posterior.

2. Contidos

Contidos conceptuais

a. Lingua

- Sintaxe

- A subordinación. As subordinadas adverbiais (comparativas, consecutivas, finais, concesivas, condicionais, causais e temporais).
- Xerundio, xerundivo e supino.

- Uso e valores dos casos. O acusativo (de extensión espacial e temporal, acusativo relativo, dobre acusativo). O dativo (de interese e de fin, dativo posesivo, dobre dativo). O xenitivo (posesivo, de calidade, adverbial, partitivo, subxectivo e obxectivo). O ablativo (sincronismo, ablativo-locativo-instrumental).
- O estilo indirecto.
- Diferenzas e afinidades sintácticas entre un texto orixinal e a súa tradución. Os textos como fonte de datos.

b. Léxico.

- Toponimia: terceiro terzo dos topónimos sinalados pola coordinación das ABAU.
- Expresións latinas : terceiro terzo das sinalados pola coordinación das ABAU.
- Campos semánticos das ciencias naturais (medicina), exactas e sociais; da lingua e da literatura.

c. O legado de Roma

- A historiografía:Tito Livio.
- Lectura de textos doutros xéneros: novela, epístolas...

Contidos procedementais

- ✓ Identificación e análise en textos latinos dos elementos de sintaxe explicados, facendo notar a súa diferenza ou semellanza coas linguas galega e castelá.
- ✓ Tradución ao galego e castelá de textos en latín procurando axeitar adecuadamente tanto a sintaxe como a semántica.
- ✓ Recoñecemento e aplicación axeitada de termos e expresións do latín aínda vixente hoxe en día.
- ✓ Recoñecemento da importancia da oratoria no mundo romano. Importancia do discurso político e xudicial hoxe en día.
- ✓ Manexo dalgunhas fontes literarias ou doutro tipo que expliquen a permanencia do legado de Roma hoxe en día.

Contidos actitudinais

- ✓ Interese e valoración das linguas como medio de expresión dos pobos. A súa importancia, non só na literatura senón tamén noutros aspectos da vida (política, xustiza...)
- ✓ Interese e valoración da vixencia do latín hoxe en día nas súas manifestacións orixinais como medio transmisor de cultura.
- ✓ Valoración global do feito metodolóxico da tradución como exercicio para mellorar o coñecemento e a expresión das linguas propias e, obviamente, do obxecto de estudo deste curso: a lingua latina.

3.4. CONTIDOS MÍNIMOS.

Os contidos mínimos que se expoñerán a continuación servirán de base para a avaliación do alumnado de 2º de Bacharelato sen que isto impida que se avalíen tamén outros contidos tratados durante o curso. Respectaranse especialmente os contidos mínimos nas probos extraordinarias e nas probos de recuperación para alumnos pendentes e tamén na proba final de xuño, no caso que o profesor considerase pertinente facela. Todos estes contidos baséanse nos indicados na programación na que tamén se fai referencia a súa especificidade e profundidade de acordo co nivel esixido para cada un dos temas.

Se algún alumno non logra superalos, o profesor poderá modificar calquera dos elementos (obxectivos, contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación), tras consultalo antes co Departamento, para dar resposta as diferentes necesidades educativas dos alumnos e alumnas, sempre de acordo coa orde da Consellería de

Educación do 6 de outubro de 1999 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. Esta adaptación, pola que o alumno ten que amosar interese e solicitar, terá que ser, en todo caso, individualizada, tendo en conta non só a capacidade do alumno ou a súa inadaptación a algúns dos elementos do currículo, senón tamén o seu entorno familiar e social.

Os contidos mínimos estarán permanentemente expostos no taboleiro do Departamento para que calquera alumno ou alumna (especialmente os que teñan que realizar as probas de setembro e os pendentos) poda consultalos. Da mesma maneira, informarase ao alumnado puntualmente de calquera modificación que, por diversas circunstancias, o Departamento considere oportuno realizar nestes contidos.

a. Lingua

- Morfoloxía

- Repaso dos contidos do curso anterior.
- Os verbos irregulares VOLO, NOLO, MALO, FERRO, EO e FIO.
- As formas nominais do verbo (infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino). Os seus valores e a súa tradución.

- Sintaxe

- Repaso dos contidos do curso anterior
- Valores dos casos (acusativo, dobre acusativo, xenitivo partitivo, xenitivo adverbial, xenitivo obxectivo e subxectivo, o dativo posesivo, o dobre dativo...).
- Valores dos tempos e dos modos verbais.
- A oración de relativo e os seus casos especiais.
- As oracións de infinitivo.
- O participio concertado e absoluto.
- Valores das conxuncións CUM, UT e QUOD.
- As interrogativas indirectas.
- Outros modos de subordinación (modal, causal, concesivo, condicional, final, temporal e comparativo).
- O estilo indirecto

- Léxico

- Locucións latinas de uso actual (as marcadas para as antigas probas das ABAU)
- Toponimia (os topónimos establecidos para as antigas probas das ABAU)
- Campos semánticos da natureza, do ceo, das ciencias, da lingua, da literatura.

- O legado de Roma

- As orixes da literatura latina
- O teatro (Plauto)
- A poesía épica (Virxilio)
- A poesía lírica e elexíaca (Horacio)
- A historiografía (Tito Livio)
- A oratoria (Cicerón)
- A fábula (Fedro)

4. METODOLOXÍA

4.1. CRITERIOS XERAIS

A nivel moi xeral hai que ter en conta dúas direccións fundamentais á hora de formular uns criterios metodolóxicos que harmonicen cos obxectivos que se pretenden nestes cursos:

1.- Ter en conta a necesidade de establecer relacións substantivas e claras entre os novos contidos e os xa coñecidos.

2.- Ter en conta que non só se aprenden sobre o xa coñecido senón que tamén se aprende “a coñecer”, a reaccionar de forma racional e lóxica ante novas realidades. Preparar ao alumno para resolver incógnitas.

Tendo en conta estas dúas directrices que funcionan en todo proceso de aprendizaxe podemos establecer unha serie de criterios metodolóxicos xerais:

- ❑ Substituír, modificar ou complementar coñecementos previos que xa se posúen por medios de actividades de dificultade progresiva no que o alumno poida:
 - a) Exercitarse e aprender novos coñecementos coa axuda do profesor.
 - b) Exercitarse e aprender sen axuda do profesor novos coñecementos que, aínda que non estean sistematizados, si son xa deducibles dos xa adquiridos.
 - c) A aprendizaxe de novos coñecementos debe implicar sempre o repaso, a síntese e a aplicación dos xa adquiridos nun contexto máis amplo.
- ❑ Os exercicios de aprendizaxe teñen que ser lóxicos, significativos e funcionais, non só respecto aos contidos específicos que se van a aprender, senón tamén cos demais contidos presentes no proxecto curricular. Sempre hai que ter en conta que todos eses contidos están intimamente relacionados entre si.
- ❑ Necesidade de sistematización (a priori ou a posteriori das exercitacións) dos contidos específicos, de tal forma que se poida delimitar as ideas básicas que os forman, diferenciando o concepto de todas as súas posibles realizacións prácticas.
- ❑ Memorización comprensiva que permita integrar, reorganizar e engadir información supoñendo un proceso construtivo e unha estruturación continuada e permitindo a utilización do coñecemento cando é necesario en situacións diferentes daquelas nas que se construíu.

Evidentemente estes criterios son aplicables tanto aos contidos conceptuais como aos procedementais e os actitudinais.

4.2. CRITERIOS ESPECÍFICOS, ENSINANZA—APRENDIZAXE DO LATÍN.

Os principios xerais xa mencionados condicionan a metodoloxía a aplicar nesta materia e que podemos dirixir cara a tres direccións ou metas relacionadas entre si.

- a) Aprendizaxe dos contidos conceptuais que permitan o coñecemento dos rudimentos da lingua e cultura latina e manexar con certa soltura os seus textos.
- b) Aprendizaxe da lingua e cultura latina co resto das linguas e culturas europeas e especialmente coa galega e castelá.
- c) Fomento do interese pola lingua e cultura latina (contidos actitudinais) como algo vivo e presente. Necesidade de utilizar unha metodoloxía que motive neste sentido ao alumnado.

Aínda que todo proceso de aprendizaxe dunha materia esixe certo grao de secuenciación temporal, todos os contidos referidos a ela (conceptuais, procedementais, actitudinais) están relacionados entre si e, polo tanto, nunca se debe obviar esa relación, aínda que non leve a tratar aspectos non estritamente asociados aos contidos específicos para os que se programa unha determinadas actividade. Este feito é fundamental para non perder a idea de unidade da materia e tamén para comprender mellor cada unha das súas partes e a súa relación co entorno.

Neste sentido o método de traballo debe enfocarse desde dous puntos de vista:

- a) Desde o punto de vista do profesor na elección do material e o estudo de todas as súas posibilidades.
- b) Desde o punto de vista do alumno que en moitas ocasións pode deducir ou interpretar pola súa conta datos, feitos ou opinións que non foran sistematizadas ou explicadas.

Dado que o núcleo destes dous cursos ten como base a lingua latina e o traballo céntrase non textos é importante ter un criterio metodolóxico adecuado tanto na súa elección coma no seu manexo:

1. Os textos escollidos deben ser de dificultade progresiva, sen grandes saltos.
2. Os textos deben ter un contido léxico de interese para o alumno. Se son frases soltas estas deben entenderse na súa totalidade fóra de contexto, e, a ser posible, suxerir algunha idea ou interpretación motivadora.
3. A elección dos textos basearase non só nos contidos específicos de lingua que se quere traballar senón que teñen que ter relación cos contidos referidos á historia ou á literatura latina. Hai que procurar no posible que todos os aspectos do curso manteñan entre si unha relación dinámica.
4. Os textos non deben basearse só non contidos xa aprendidos, debe ofrecer ao alumnado a posibilidade de acceder por se mesmo a novos contidos ou ás distintas realizacións do xa aprendidos.
5. En principio, seguiremos traballando, como eixos centrais da tradución, con textos de Eutropio e Fedro, tal como se viña facendo nos cursos anteriores, á espera de que nos sexa facilitada a información definitiva das novas probas da LOMLOE. Outros autores: César, Marcial, Catulo.

Cómpre fuxir da interpretación mecánica dos contidos lingüísticos. Isto quere dicir que se debe orientar ao alumnado a saber discernir e interpretar todas as posibilidades que ofrece a lingua latina a partir dunhas regras e conceptos básicos. Por iso é necesario tamén axudarlles a encontrar a tradución máis axeitada en cada caso (baseada en criterios gramaticais ou semánticos). Esta busca axuda moitísimo ao aprendizaxe da lingua que eles falan. Indagar nas posibilidades dunha lingua implica entendela como un ser vivo que pode adecuar a súa expresión aos distintos contidos, temas e sentimentos. Non imos a estendernos nos outros tipos de actividades que se poden realizar durante o curso (tradución inversas, mapas, lecturas, diapositivas, películas...) porque, en certa forma, xa foron indicadas no apartado dos contidos procedementais apuntados no apartado da secuenciación dos contidos. Estas actividades –que inclúen tamén excursións- non son sempre as mesmas e o Departamento decídeas e elabóraas sempre a comezo de cada curso escolar. Unha vez decididas, os alumnos serán debidamente informados.

O curso planifícase como unha ampliación dos fundamentos adquiridos no primeiro, polo tanto, hai que dar máis importancia o feito específico da comprensión global do texto e as súas traducións. En principio, é mellor utilizar textos orixinais, e, dentro do posible, relacionados cos distintos xéneros literarios cos que se traballa ao longo do curso aínda que se poden utilizar textos ou frases máis curtas (adaptadas ou non) para exercitar de forma específica os distintos temas de sintaxe.

A aprendizaxe do vocabulario e o uso do dicionario é tamén un apartado no que cómpre subliñar varios aspectos. Pensamos que, aínda que o alumno traballe co dicionario na casa ou na aula, deberá adquirir un vocabulario determinado porque consideramos que debe aprender e familiarizarse con certo vocabulario elemental (pronomes, preposicións, conxunción, adverbios, o verbo *sum*, substantivos e adxectivos de uso común...).

Para esta aprendizaxe é importante traballar en tres direccións:

- a) Por medio de campos semánticos e a súa evolución ou comparación coas linguas vernáculas.
- b) Por medio de raíces e da prefixación e sufixación que delimita o seu significado.
- c) Aprendizaxe das palabras variables e invariables con contido semántico ou só gramatical máis elementais do latín.

Tamén é importante afondar no estudo da Semántica, porque implica á súa vez un avance no proceso de interpretación e tradución do texto. É importante saber identificar as posibilidades significativas dun vocábulo nun contexto determinado, e, para iso, é necesario o uso do dicionario e, en primeiro termo, repasar as regras para o seu uso. Así pois, o profesor explicará ao alumnado non só as claves e abreviaturas senón tamén os axudará a distinguir os significados propios das palabras e as súas distintas traducións ou interpretacións segundo o contexto, exemplificadas ás veces de forma pormenorizada na maioría dos dicionarios. É necesario tamén que o alumno se dea de conta que o dicionario non fai a tradución, que é simplemente unha ferramenta de traballo que mal utilizada pode chegar a ser prexudicial. De aí que se deba traballar nos textos na aula en común, pero sen axuda do dicionario, porque iso facilita que o alumno teñan máis confianza en si mesmo e nos seus coñecementos porque moitos deles chegan a pensar que sen o dicionario son incapaces de facer unha tradución ou sequera de interpretar e comprender un texto en lingua latina. En definitiva, pódense facer dous tipos de traballo neste sentido:

- traballo individual con dicionario.
- traballo colectivo sen dicionario baixo a dirección do profesor que dará as claves –que non a solución completa- que faciliten ao alumno a comprensión do texto.

5. AVALIACIÓN

5.1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

Debemos considerar a avaliación desde dous puntos de vista xerais:

1. O que fai referencia ao seguimento e regulación constante do proceso ensinanza-aprendizaxe que permita un mellor axuste do mesmo ás características individuais das alumnas e alumnos.
2. O que fai referencia ao grao en que cada un dos alumnos ou alumnas acadou as aprendizaxes previstas no proxecto tomando como referencia os criterios de avaliación establecidos.

Así considerada a avaliación non é propiamente unha finalidade da ensinanza senón un medio para melloralala, xa que supón unha análise e reflexión constante do proceso de aprendizaxe do alumnado e tamén do proceso de ensinanza e permite modificar, reformular ou cambiar modelos e estratexias segundo as circunstancias observadas, ben nas actividades diarias na aula, ben nas distintas probas ou procedementos avaliativos. Os dous criterios antes mencionados van pois da man e ningún deles debe ter un peso específico maior có outro. O profesor deberá ter informes avaliativos ao longo do curso onde se especifique o proceso de avaliación e tamén un informe final onde se vexa o resultado de dito proceso.

A avaliación debe atender, pois, aos distintos tipos de contidos, conceptuais, procedementais e actitudinais, utilizando instrumentos variados que permitan non só unha cualificación do alumno senón tamén o tipo de axuda que cada un precisa para acadar as metas propostas. Desta forma avalíase de forma global ou individual aos alumnos e alumnas e tamén o profesor avalíase a si mesmo e ao seu proxecto educativo. Non se trata só en definitiva de poñer unha nota que cualifique a aprendizaxe dunha serie de conceptos, trátase de avaliar para mellorar o conxunto do proceso ensinanza-aprendizaxe.

5.2. INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

Un aspecto moi importante na práctica docente é avaliación da mesma, así como da programación didáctica elaborada, sempre coa finalidade de mellorar e lograr unha maior eficacia do feito docente. Os indicadores de logro van servir para comprobar o funcionamento da programación e valorar a nosa actuación como docentes. Estes indicadores vannos permitir reflexionar sobre tres aspectos básicos:

- a. Os materiais que se utilizaron: se son accesibles, atractivos, suficientes...

b. A planificación: se foron adecuados o número e duración das actividades, o nivel de dificultade, o interese que tiveron para os alumnos/as, a súa relevancia para o proceso de aprendizaxe, se estaban baseadas nos intereses do alumnado, se os obxectivos estaban ben definidos, se se atendeu á diversidade, ó uso das TICs, ós transversais...

c. O impacto sobre o alumnado: se logramos motivar os alumnos, espertar a súa curiosidade, se lles ofrecemos a axuda que precisaban para mellorar, se participaron activamente, se conseguiron o seu máximo desenvolvemento...

Estes indicadores de logro incorporaranse en cuestionarios de datos dirixidos ao propio profesorado e tamén ó alumnado, que van servir para a recollida de datos. Finalmente, tras analizar o que pode ser mellorado, proporemos medidas de mellora nos tres ámbitos avaliados (materiais, planificación e motivación) e incorporaremos á programación os cambios que se acorden.

É esencial ter en conta que a avaliación debe servir para que o alumnado se beneficie das melloras durante o propio ano académico, de xeito que non habemos agardar ao final para valorar o traballo feito, senón que este debe ser valorado cada certo tempo para poder introducirmos os cambios o antes posible

5.3. AVALIACIÓN DO LATÍN

5.3.1. INTRODUCCIÓN

Unha materia como o latín a avaliación das distintas partes interrelacionadas entre si forma á súa vez a avaliación dun todo, de xeito que a continuidade do seu desenvolvemento é fundamental para poder reconducir o proceso de ensinanza-aprendizaxe se é preciso.

Para poder facer este seguimento o profesor ten que apoiarse nunha serie de mecanismos que lle permitan ter un criterio máis ou menos preciso sobre o alumno/a e sobre o grupo, de tal forma que poida ter informado ao titor sempre que este o solicita. Así na ficha do alumno terá que figurar non só a cualificación das probas individuais, senón tamén a asistencia, o interese, a progresión, a participación, a maduración na conceptualización de contidos, os hábitos de traballo, o entorno familiar, etc.

Un alumno alcanzará os mínimos xerais esixidos cando no conxunto dos aspectos avaliados se considere capacitado para afrontar con garantías os estudos superiores.

Como técnica fundamental para a avaliación podemos destacar a análise da realización das actividades encamiñada non só á actitude dos alumnos de cara aos tres tipos de contidos senón tamén ao propio proceso curricular deseñado.

No proceso de **avaliación continua**, haberá tres procedementos de avaliación do alumnado:

- avaliación inicial
- avaliación de progreso
- avaliación sumativa

❖ Avaliación inicial

Farase ao comezo de curso e a súa función será obter os datos necesarios que permitan abordar con garantías a asimilación dos contidos do curso.

No primeiro ciclo avaliativo, hai que ter en conta, non só o coñecemento dos conceptos de lingüística xeral (que se supón que o alumnado deste nivel debe ter asimilados) senón tamén o seu grao de coñecemento e manexo da lingua latina. Para avaliar estes coñecementos, farase unha proba sobre os contidos do ano anterior.

No Bacharelato de Adultos é necesario coñecer tamén canto tempo fai que o alumnado ten deixado os estudos, xa que todos sabemos que o hábito de estudo se perde e que hai que tomar as medidas adecuadas para recuperalo (explicacións claras e sinxelas dos conceptos, exercicios de dificultade progresiva, repaso das cuestións básicas...).

❖ **Avaliación de progreso**

Segundo a diagnose poñeranse a disposición do alumnado os medios oportunos que lle permitan obter un nivel medio óptimo seguindo os criterios xa sinalados no apartado de metodoloxía.

En latín non hai reforzos, pero o escaso número de alumnos por aula supón, por dicilo, dalgunha forma, unha certa vantaxe, xa que podemos facer un ensino bastante personalizado. Desta forma, sen saír nin apartarse do ámbito da aula, podemos detectar e especificar os problemas e resolvelos principalmente por medio de exercicios de reforzo individuais. A aula virtual proporciona un espazo axeitado para poñer á disposición dos alumnos material de traballo e ligazóns con distintas páxinas útiles no proceso de aprendizaxe.

Pero a avaliación ten que efectuarse tamén ao/a profesor/a, que debe autoavaliarse e tamén avaliar o proceso en xeral para (sobre todo nun fracaso xeneralizado) detectar os problemas e efectuar os cambios no currículo que considere necesarios para adaptalo ás necesidades da aula. Estes cambios tamén se poden facer de forma individualizada, sempre que os problemas de aprendizaxe sexan por causas ben definidas e non por outras que escapen un pouco da súa competencia. Desde o logo é sempre necesario levar un control individualizado do alumnado e un control global do grupo. Esta avaliación basearase nos exercicios e actividades feitas na aula ou por medio de probas que nos vaian indicando se a marcha do curso, en referencia aos contidos conceptuais, procedementais e actitudinais, é a correcta.

Para compensar, sobre todo no Bacharelato de Adultos, a carencia de aquel alumnado que por motivos familiares ou laborais non poden dedicar ao estudo e á asistencia a clase o tempo necesario, buscaranse medidas (exercicios de reforzo para realizar na casa e corrixilos cando sexan entregados, por exemplo) e prestarase unha atención máis individualizada, se cabe, dentro das horas de clase ás que poida asistir ou fóra delas se fose necesario.

❖ **Avaliación sumativa**

É a que nos indica numericamente se un alumno acadou os obxectivos ou non e tamén ten como base as outras dúas avaliacións.

Os pormenores de como se vai realizar esta avaliación especifícanse a continuación no seguinte apartado de avaliación dos contidos.

5.3.2. AVALIACIÓN DOS CONTIDOS.CRITERIOS ESPECÍFICOS.

5.3.2.1. 1.Avaliación dos contidos conceptuais

- ✓ Valorar a comprensión das características lingüísticas da lingua latina e o seu coñecemento práctico por medio da análise e tradución de textos.
- ✓ Valorar o recoñecemento de que tanto o galego como o castelán proceden do latín, non tanto a nivel teórico como a nivel práctico, nas traducións na mellora de vocabulario, etc.
- ✓ Valorar o coñecemento dos contidos de cultura e literatura, tanto no seu espazo orixinal como na súa influencia na cultura europea actual no seu compoñente literario e no puramente físico do entorno, considerando tamén se se comprende a súa relación.

Para valorar estes contidos normalmente realizaranse probas individuais, que serán de dificultade progresiva e non diferirán moito das actividades realizadas na clase. Basearase a avaliación na

comprensión dos mínimos esixidos e na súa aplicación. En xeral, podemos dividir os contidos conceptuais en tres bloques: un bloque de lingua (análise e tradución dun texto e cuestións gramaticais), outro de léxico (toponimia, expresións latinas e vocabulario de orixe latino en diferentes áreas) e un terceiro bloque de literatura latina, sendo necesario non abandonar ningún dos bloques para que se consideren logrados os obxectivos.

En cada avaliación valorarase o traballo de casa, clase e aula virtual entre un dez e un vinte por cento, e o 80-90 por cento restante distribuirase entre as probas escritas, ponderando máis a nota da última.

Neste curso, xa que os textos son xa medianamente complexos, farase fincapé na súa comprensión e tradución. O último exame de cada avaliación será unha proba tipo ABAU seguindo a mesma ponderación desta:

- **Bloque de lingua: até 6 puntos (5 puntos para a tradución dos textos e 1 punto para as cuestións gramaticais.).**
- **Bloque de léxico: até 2 puntos.**
- **Bloque de literatura latina: até 2 puntos.**

A nivel de porcentaxe, a 1ª avaliación supón un 20% da cualificación final, a segunda avaliación un 30% e a terceira un 50%; con isto tratamos de garantir unha maior precisión e coherencia no proceso de avaliación continua.

Poderanse levar a cabo exames de recuperación.

O alumno que sexa sorprendido no acto de copiar nunha proba escrita, non poderá continuar a facer o exame, quedando cualificado cunha nota de 0.

5.3.2.2. Avaliación dos contidos procedementais.

Neste apartado a avaliación ten que ir fundamentalmente en dúas direccións:

1. Avaliación cara ao alumno: valorar o traballo do alumno e a súa predisposición con respecto ás actividades formuladas: exercicios, lecturas... procurando observar se entende que é o que ten que facer en cada unha delas. Recoñecer se o alumno é capaz de entender con claridade os enunciados desas actividades e a súa relación xeral ou específica cos contidos conceptuais e cos transversais.
2. Avaliación cara ao profesor: valorar o resultado das actividades mesmas e a súa efectividade con respecto aos obxectivos do proceso co fin de poder variarlas se non son efectivas. Avaliar tamén a distribución dos contidos conceptuais en función da valoración dos procedementais e reconducila se é necesario.

5.3.2.3. Avaliación dos contidos actitudinais.

- ✓ Valorar a predisposición do alumno para recoñecerse no seu pasado e máis concretamente valorar o seu interese pola lingua e cultura latina en si mesma e en relación coa súa lingua e cultura materna.
- ✓ Valorar o recoñecemento do interese de estudar o pasado como medio para recoñecer e sobre todo respectar o presente na súa diversidade. Respecto que se dirixirá fundamentalmente polo carácter mesmo da materia ás distintas linguas e cultura que o alumno coñece, e, como, á propia lingua e cultura latina.

5.3.2.4. Avaliación dos contidos transversais.

Case a única forma de avaliar estes contidos é tendo en conta o comportamento dos alumnos na clase e os seus comentarios sobre os distintos aspectos da realidade.

Avaliarase a relación cos demais compañeiros e co profesor no ámbito de respecto democrático que se quere inculcar. Procurarase que o alumnos eliminen os prexuízos de lingua, sexo, raza ou cultura que puidesen ter.

Canto á relación con outras áreas valorarase o recoñecemento da mesma por parte do alumno e o seu reflexo non só na propia clase de latín senón tamén, sempre que sexa posible, nas demais áreas afectadas.

5.3.3. *Avaliación extraordinaria xuño e avaliación de pendentes*

Na **avaliación extraordinaria de xuño** avalíanse exclusivamente contidos conceptuais, polo tanto realizaranse conforme aos contidos mínimos especificados para elas xa expostos na Programación e a súa avaliación farase de acordo cos criterios xerais específicos acordados para o curso.

O modelo e a complexidade dos textos e as preguntas farase de acordo cos contidos mínimos e tamén seguindo as pautas, en principio, dos exames ABAU. **A cualificación dos mesmos será semellante á do curso ordinario:**

- **Bloque de lingua: 6 (5 puntos para a tradución dos textos e 1 punto para as cuestións gramaticais).**
- **Bloque de léxico: até 2 puntos.**
- **Bloque de literatura latina: até 2 puntos.**

Avaliación de pendentes:

Os alumnos pendentes de primeiro que aproben algunha das tres avaliacións quedarán aprobados cunha nota de suficiente, debendo presentarse á proba final se queren subir nota.

En caso contrario, terán dúas oportunidades para recuperala: ou ben mediante tres exames parciais, que deben ser superados cunha cualificación suficiente, o no caso de que algún destes non alcance a cualificación mínima esixible, facendo unha única proba final que seguirá os criterios da proba extraordinaria de primeiro.

5.3.4. *Alumnos que desexen cambiar de modalidade*

Os alumnos de Primeiro de Bacharelato que desexen cursar Latín II sen ter cursado Latín I, deberán realizar unha proba na que acrediten ter os coñecementos necesarios para facelo. Dita proba será (en canto ao formato, contidos e criterios de avaliación) semellante á proba final para alumnos pendentes. Se non superan esta proba terán que cursar Latín I como materia pendente de Primeiro de Bacharelato.

6. PLAN DE REFORZO

O profesor poderá, se fora necesario por consello do gabinete de orientación, modificar calquera dos elementos (obxectivos, contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación) desta programación didáctica para dar resposta as diferentes necesidades educativas dos alumnos e das alumnas, sempre de acordo coa orde da Consellería de Educación do 6 de outubro de 1999 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.

Esta adaptación terá que ser, en todo caso, individualizada, tendo en conta non só a capacidade do alumno ou a súa puntual inadaptación a algún dos elementos do currículo, senón tamén o seu entorno familiar e social.

As medidas de reforzo, polas que o alumno ten que amosar interese e solicitar, teñen que ser pois individualizadas e diversas (poden ser exercicios, lecturas, redacción, comentarios, exposicións orais...) dependendo das necesidades de cada alumno e, sobre todo, atendendo ás competencias clave que o alumno en cuestión non logre acadar.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste apartado o Departamento se compromete a seguir as directrices marcadas para cada caso en colaboración co titor/a do grupo e o Gabinete de Orientación do Centro.

8. ALUMNOS REPETIDORES

Neste apartado o Departamento considera que se poden dar tres situacións:

- Que o alumno repetidor afronte o curso cunha actitude máis positiva que o anterior e supere a materia con normalidade.
- Que o alumno repetidor afronte o curso con actitude positiva pero que non logre acadar o nivel esperado. Entón aplicaráselle as medidas de reforzo indicadas no apartado 7.
- Que o alumno repetidor non afronte o curso con actitude positiva por diferentes motivos. Entón o profesor seguirá as directrices marcadas para cada caso en colaboración co titor/a do grupo e o Gabinete de Orientación do Centro.

9. OUTRAS ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO

9.1. Plan Lector

O Departamento decidiu colaborar co Plan Lector do Centro proponendo as seguintes lecturas que serán seleccionadas segundo o nivel do curso:

- Textos breves relacionados coa mitoloxía (de Ovidio e Virxilio, principalmente)
- Fragmentos da triloxía sobre Cicerón de Robert Harris.
- Fragmentos do libro *Última Lexión*.
- Selección das Fábulas de Fedro e dos *Epigramas* de Marcial.
- Algún poema de Catulo
- Fragmentos de *Gabinete de curiosidades romanas*, de J.C.McKeown (ed.Crítica).
- Fragmentos de *El infinito en un junco*, de Irene Vallejo.
- Algún texto seleccionado de *Latin lovers*, de Emilio del Río.

Enlaces:

<http://www.culturaclasica.com/>

<http://www.luduslitterarius.net/>

<http://www.iesfuente.org/departamentos/latin/index.htm>

<http://www.chironweb.org/wiki/index.php/Portada>

http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/_comun/esmapa.php#

<http://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm>

<http://platea.pntic.mec.es/anilo/mitos/00indice.htm>

Os textos serán escollidos pola súa temática (relacionados con cuestións do mundo clásico como a mitoloxía ou vida cotiá), polas súas formulacións sobre cuestións éticas ou relixiosas e pola súa amenidade, procurando alternar a prosa e verso e os distintos xéneros literarios.

Para traballar sobre eles seguirase o modelo que nos proporcionarán os responsables do Plan Lector.

9.2. Excursións e outras actividades extraescolares

Este ano quizáis fagamos unha viaxe a A Coruña para presenciar o festival de teatro clásico . Tamén, se hai voluntarios, presentarémonos ao concurso de tradución Odisea , organizado pola SEEC Galicia As demais actividades iranse facendo segundo a oferta e as posibilidades do Departamento e do Centro.

Ferrol, 26 de setembro de 2022

Asdo. Ana I. Vizoso Benavente
Xefa do Departamento